

A institución libre de enseñanza, unha política da pedagogía¹.

Herminio Barreiro Rodríguez

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Neste traballo preténdese realizar unha especie de suliñado, a modo de "remakes", sobre os principais feitos da historia política, ideolóxica e cultural de España entre 1876 e 1936. Estes feitos considéranse como o trasfondo da acción pedagóxica renovadora e innovadora da "Institución Libre de Enseñanza".

ABSTRACT: The purpose of this article is to underscore, in the form of "remakes", the most important facts in the political, ideological and cultural history of Spain between 1876 and 1936. These historical facts are held to be the background for the renewed and innovative pedagogical action of the "Institución Libre de Enseñanza" (Free Institution of Learning).

Permítanme parafrasear a Georges Labica no título mesmo deste artigo. É unha pequena homenaxe ó profesor francés, que agocha tamén unha coincidencia de fondo. Si Labica, estudiando a Robespierre, falou un día "dunha política da filosofía", a min gustárame agora falar un pouco desa "política da pedagogía" que aparecía a cotío -con intención ou sen elanos homes da *Institución Libre de Enseñanza* e, ¡cómo non!, nos seus continuadores.

A *Institución Libre de Enseñanza*, na distancia, segue a ser un referente para todo o que se poida relacionar coa modernidade, coa renovación político-educativa e, en xeral, para todo o que teña algo que ver coa vangarda pedagóxica europea dos últimos cento trinta anos. Desde 1876 ata 1936, coincidindo practicamente coa acoutación cronolóxica do que se ven chamando *Edad de Plata* da cultura española -textos de Tuñón de Lara (*Medio siglo de cultura española*) ou de José Carlos Mainer (*La Edad de Plata*)-, a historia contemporánea dos pobos de España ten algo que ver -ou moito que ver- cos pasos que foi dando esta institución educativa madrileña, de tan recia estirpe española e de tan clara e irrenunciabel vocación europea.

¹ Iste texto -con outro título- sirvéu de base para unha conferencia pronunciada na Universidade da Coruña o 17 de marzo do ano 2000, dentro de un programa encol da *Institución Libre de Enseñanza*, organizado polo Instituto de Estudos Políticos da capital coruñesa.

Ao longo deses anos, foron varias as etapas polas que pasou a ILE e foron tamén moi variados os avatares da nosa historia común. ¿Cómo era o contexto socio-político español no momento en que se funda a Institución? É inevitable establecer a correlación. O contexto predetermina a Institución e a Institución contribúe fundamente a remodelar o contexto. Poucas veces se pode ver máis nidia a dialéctica entre os homes e as circunstancias. E poucas veces se pode ver máis clara a pegada social e política dunha institución. Tamén aquí podíamos parafrasear o famoso dito: "pocas veces tantos lle deberon tanto a tan poucos". Porque ese é o caso da *Institución Libre de Enseñanza*: un exemplo de calidade e fondura á hora de poñer en práctica unha experiencia educativa.

Como sempre pasa en historia, para recoñecer as orixes verdadeiras dun determinado fenómeno, é preciso remontarse ben atrás. As raíces da memoria explican normalmente o porqué das cousas. E tal é o caso desta singular institución educativa que nacéu para competir cunha universidade anquilosada e inoperante e que rematou por remontarse ás orixes. De este modo, para preparar a algunhas ducias de mozos da burguesía liberal madrileña do último tercio do XIX -que serían o inicio da formación de cuadros e da modernización que o país necesitaba- había que regresar á infancia persoal máis remota...

Por eso a ILE reiniciaba a súa andadura empezando polo *preescolar* -como se dicía daquela e ata hai ben pouco tempo-. Nenos de *tres anos*. Velaí os primeiros alumnos da Institución. "Arranque" pedagóxico que pronto sería arquetípico; case mítico. A estampa chea de doce tenrura de Giner limpándolle os mocos a un neno, nos xardíns da *Institución*, ou a de Rubio ou Cossío aplicándose en darlle de comer unha lambetada a uns parvuliños, son sintomáticas.

¡*Tres anos!*...A fronteira da memoria, como diría algún tempo despois María Montessori, en *La mente absorbente del niño* -un libro de libros sobre a educación infantil-. Sigmund Freud estaría dacordo: ós *tres anos* xa pode darse unha primeira confirmación do *super-ego*. Todo o que tiña que pasar, dalgunha maneira xa pasou -dirá drásticamente Freud-, pero resistímonos a recordalo... e case sempre o conseguimos. Francisco Giner de los Ríos intuía xa algunhas desas cousas. E outras moitas. E tamén Manuel Bartolomé Cossío, a segunda figura importante da ILE, tan pulcra e abondosamente estudada por Eugenio Otero.

E, noutro plano, José Castillejo ou Lorenzo Luzuriaga, quizáis *institucionistas* menores -desde certo punto de vista-, pero non por eso menos importantes. Luzuriaga será moi explícito ó caracterizar á *Insti* -como recorda Jimena Menéndez Pidal que a chamaban familiarmente-: "*La Institución Libre de Enseñanza* -di Luzuriaga- se adelanta a casi todas las novedades pedagógicas introducidas por la *escuela nueva*". O pedagogo de Valdepeñas recordaranos estas e outras cousas nas páxinas intensas e sentidas da súa obra *La Institución Libre de Enseñanza y la educación en España*. Obra pedagóxica e políticamente testamen-

taria de Lorenzo Luzuriaga. Obra que é un canto de amor ós seus mestres, "D.Francisco y el Sr. Cossío", como el di que os chamaban e como el os chama...

¿Qué nos quere dicir con eso das "novedades pedagóxicas"? Pois quérenos dicir, simplemente, que a *Institución* adiántase a case tódalas novidades introducidas pola pedagogía de vangarda do movemento de renovación pedagóxica do primeiro tercio do século XX: Dewey, Montessori, Décroly, Kerchensteiner... Lourenço Filho ten dito cousas moi relevantes sobre todos iles no seu coñecido libro *Introducción al estudio de la Escuela Nueva* - na súa versión española de Kapelusz, en Buenos Aires, aló polos primeiros setenta-

Así pois, *tres anos* no inicio do "currículum" institucionista. ¡E *dezaoito anos* no final! ¡*Ciclo único* sin solución de continuidade entre a *primaria* e a *secundaria*! ¡E *corpo único* de ensinantes, especializados por tramos de idade! Ou seña, ¡*educación primaria e secundaria univversa*! Unha proposta do XIX para o século XXI. Velaí a revolución pedagóxica en acción. Velaí unha política futurista da pedagogía...

Remontarse ben atrás na vida das persoas, diciamos antes... E remontarse ben atrás na historia do país, temos que dicir agora... Recordemos que a situación socioeconómica e política de España durante o século XIX é bastante atípica, sobre todo, en relación co resto da Europa capitalista. Non esquezamos que, tal e como apunta Antonio Domínguez Ortiz, a Ilustración non chegou nunca a callar en España como movemento revolucionario. Foi, según coincidencia bastante xeneralizada, unha renovación cultural, política e filosófica en boa medida fracasada.

Se os intentos de Sarmiento, Feijóo ou Mayáns quedaron case sempre só en intentos, sin ir á raíz mesma dos problemas, Jovellanos [1744-1811], vencellado por tantas razóns á historia da educación, quixo chegar un pouco máis lonxe. Os ilustrados tardíos coma el, coñeceron xa os acontecementos e o desenvolvemento da Revolución Francesa de 1789. Pero atoparon fortes resistencias en tódalas instancias do "antigo réxime". Desta maneira, a ilustración española foi un movemento teórico moi precario. E aínda que, en certos círculos, a fe católica era efectivamente feble, a Igrexa estaba desprestixiada e a ciencia era máis intrépida e ousada que nunca, os instrumentos do poder político e as institucións sociais vetustas actuaban coma un freo poderoso do progreso.

No seu libro *Ciencias y enseñanza en la revolución burguesa*, e especialmente no seu interesantísimo primeiro capítulo, J.L. Peset, S. Garma e J.S. Pérez Garzón analizan, por exemplo, as relacións entre "a revolución burguesa e o aparato escolar" e consideran que "si bien se puede realizar para España una constatación rigurosa de la revolución burguesa antifeudal en el dominio político y en el cambio del predominio de las relaciones de producción...", en la estructura ideológica, por el contrario, la lucha se hace más larga y compleja. Justo en tal nivel -y en concreto en el aparato escolar- se refugiarán las antiguas fuerzas dominantes desplaza-

das por los liberales. La Iglesia permanecerá en España como aglutinante de dichas fuerzas". Por eso -din- "del análisis del proceso revolucionario de la burguesía española a lo largo del siglo XIX se desprende que la lucha por el control de la enseñanza no es un mero reflejo de la lucha de clases, sino un lugar de lucha donde convergen las fuerzas sociales antagónicas".

Polo tanto, para estes autores, o aparato escolar revélase como a *institución ideolóxica dominante*. E aínda que esto é así xenéricamente a partir da universalización dos principios políticos da Revolución Francesa -tal e como saliantóu Louis Althusser no seu célebre artigo de 1970, *El aparato ideológico escolar del Estado como aparato dominante*-, tamén é verdade que, en España, a situación obxectiva da posta en marcha do moderno aparato escolar (ou, si se prefire, da "constituición do seu primeiro sistema nacional de educación"), aparece claramente mediatizada e condicionada pola apabullante presenza social da Igrexa e polo seu peso material na nosa estrutura económica, política e cultural.

Este papel da Igrexa no noso país ata tempos moi recentes -así como as súas interferencias constantes no funcionamento do sistema educativo- ten convertido sistemáticamente a loita pola educación nun "pacto" permanente -ou "trágala", según se mire- entre as forzas *renovadoras* e *progresistas* -entre as que temos que contar, necesariamente, á *Institución Libre de Enseñanza*- e as forzas *conservadoras* e *reaccionarias*. Este conflito materializaríase na vellísima e aínda non resolta contradicción entre a *escola privada* e *confesional* e a *escola pública* e *laica*.

O que Francia conquista por fin plenamente en 1881 coas leis Férry (case cen anos despois da Revolución) e como consecuencia lóxica e natural da separación de Igrexa e Estado, en España non se poderá plantear abertamente ata 1931, coa IIª República. Ese é o noso retraso histórico concreto, en termos dunha periodización histórico-educativa.

Sin embargo, Manuel Sacristán, por exemplo (coído que no prólogo a unha edición dos últimos anos sesenta de *Guerra y revolución en España*, o xeitoso mollo de estudos de Marx e Engels encol da España do XIX), pensa que en España ten lugar ese proceso revolucionario no momento preciso. Isto é, nin máis tarde nin máis cedo. En opinión de Sacristán, cada país constrúe a súa historia no momento axeitado. Da mesma maneira que Inglaterra pon a andar a primeira construción do capitalismo no século XVII, tal e como tan maxistralmente ten analizado Marx no *Capital* -e aínda que non se fale propiamente da revolución industrial ata 1780, como nos recorda Hill-, ou da mesma maneira que Francia leva a cabo a revolución total no XVIII e Alemaña no XIX, España acomete a súa reforma no XX. Como Italia, ou como máis recentemente, Portugal. Aínda que o século XIX vai transcurrir aquí con unha serie practicamente ininterrumpida de intentos revolucionarios, nos que determinados sectores das forzas armadas xogarán un papel especialmente destacado.

España vive entóns unha especie de "revolución permanente", como apuntan Marx e Engels no libro citado -insisto, un bó fato de artigos que serían varias veces reeditados nos últimos anos, mesmo con outro título: *España revolucionaria*-. Na estela de Marx e Engels, Antonio Ramos Oliveira, un orixinal historiador socialista hoxe inxustamente esquecido -cousa da que tamén se laian Nicolás Sartorius e Javier Alfaya no seu libro *La memoria insumisa*- caracteriza tamén o XIX español -e o XX- como unha sucesión de *períodos revolucionarios* -cortos e intensos- e *períodos reaccionarios* -longos e castradores-. Teríamos, pois, un XVII "inglés", un XVIII "francés", un XIX "alemán" e un XX "mediterráneo" e moi propiamente europeo.

Pero, seguindo co noso razonamento anterior, conviría recordar que, ó longo de todo o século XIX e durante o primeiro tercio do XX, a Igrexa -da que nos estabamos a ocupar- seguirá exercendo un férreo control ideolóxico da sociedade española, desde a mesma Igrexa como tal, a través da Escola e tamén por medio dos restantes aparatos de Estado. Ten razón Lerena cando fala de "iglesia obligatoria" e non "escuela obligatoria".

En xeral, a situación incerta, feble e chea de vacilacións de todo ese tempo, explica a permanencia fáctica do "antigo réxime" ata practicamente 1931. A presenza da Igrexa, ó longo destes anos, no aparato escolar, é tan decisiva que a convirte en forza hexemónica. Presencia que só pode ser explicada como causa/efecto do grao da súa implantación social. Implantación que só pode ser entendida a partir do feito da permanencia real do "antigo réxime". En España, ata 1931, hai algo máis que "supervivencias feudais" agrarias ou de tipo superestructural.

É evidente que a loita política polo control do aparato escolar, para, desde alí, hexemonizar a ideoloxía dominante, non se circunscribe á escola -entendendo por tal o "subsistema educativo primario"-. O que importaba, en España, a partir de 1812, é o mesmo que lle interesaba, por exemplo, a Napoleón Bonaparte en Francia -pero sin a revolución por medio-: a conversión da educación secundaria e da educación superior nunha "fábrica" de cadros dirixentes para ese "novo" Estado que aquí non acababa de nacer. Por eso os problemas do "Estado vello" serán un lugar común da historiografía da época -Estado "en ruínas", dirá textualmente Tuñón de Lara, por exemplo-. Tal e como di Carlos Lerena -en *Reprimir y liberar*-, "la Constitución de Cádiz [19-III-1812] trata de diseñar un nuevo régimen político conforme a los principios del liberalismo... Se trata de un nuevo modelo de legitimación de la desigualdad social".

De ese modo, os problemas de España durante a segunda metade do século XIX son, por un lado, resultado dunha ilustración deficiente e non moi decidida e por outro, consecuencia da profunda división social xenerada pola invasión napoleónica. Para comprobalo, basta con botarlle un vistazo ós capítulos clave de *España. 1808-1975*, de Raymond Carr -última reedición ampliada da súa obra clásica-. O certo é que a rebelión popular antinapoleónica

encheuse de contido reformista e progresista, que culminaría coa Constitución de 1812, a famosa "Pepa".

As Cortes de Cádiz proclamaron a soberanía da nación. O que significaba a consecución dunha forma avanzada de democracia burguesa. E lexislaron, por tanto, en materia de "instrucción pública". Mesmo acuñaron en español o termo "instrucción", xa habitual na literatura dos *rappports* franceses da Revolución e que íría sempre acompañado de claras connotacións republicanas, laicas e populares. O que non era raro -di Marx, nun dos seus artigos do libro citado máis arriba- tendo en conta que, daquela, atopábanse en Cádiz xentes de todas as procedencias, que lle daban a cidade non só un aire cosmopolita inconfundible, senón un ambiente social inconformista e comprometido. Isto é, sobre as Cortes de 1812, exerceuse unha formidable presión social e política que lle deron ese tono abertamente progresista e avanzado que farían daquela "constitución" un marco emblemático e fundamentalmente reivindicativo. Ou, o que é o mesmo, un referente para todo o século XIX.

E será un parlamentario e poeta, Manuel José Quintana, o que presente un *Informe sobre Instrucción Pública*, inspirándose non só no título, senón tamén no contido do xa daquela célebre *Rapport Condorcet*. (Un estudio da obra condorcetiana, seguido do *Informe* e outros textos que se publican pola primeira vez en español ven de ser feito polo profesor Narciso de Gabriel e acaba de aparecer na Editorial Morata).

Deste xeito, España aceptaba "un esquema centralizado e uniforme de educación estatal". Velaí, por tanto, o primeiro momento histórico importante para a construción dun "sistema de educación nacional", tema que será unha das preocupacións dominantes na escritura dun institucionalista de obra tan prolífica como Lorenzo Luzuriaga. Na súa *Historia de la educación pública*, unha obra que xa é un clásico da historia da educación, Luzuriaga sintetiza e secuencia especialmente ben os "momentos" clave -como el di- no proceso de renovación da educación en España no período da *Edad de Plata* -último tercio do XIX e primeiro do XX-.

Pierre Vilar, na inesquecible -e irrepitible- *Historia de España*, apunta: "Las debilidades españolas del siglo XIX no son la decadencia del siglo XVII. No significan pérdida de sustancia humana, sino adaptación difícil a un progreso demográfico constante... España llega en el siglo XX a una 'densidad crítica', que exige una nueva fase de técnica y economía". Só que todo o que necesitaba España daquela, perdérao na "crise con que empeza o século XIX", como di Vilar. España non é capaz de poñer en pé un modelo práctico de desenvolvemento. O noso país industrialízase moi escasamente e ten un sistema de produción agrícola que, ó empezar o século XX, seguirá a ser obsoleto, con un peso de improproductividade enorme nos grandes latifundios do Sur -engade Vilar-.

A estes problemas, que configuran socioeconómicamente a realidade española da segunda metade do XIX, hai que sumar unha "cuestión nacional" que non cesa e que, naquel momento, é a consecuencia primeira e máis importante do desenvolvemento desigual e da carencia dun modelo poderoso de capitalismo ó estilo francés. Di Pierre Vilar, a este respecto: "...Sabemos que la monarquía de los Habsburgos no desempeñó la función unificadora de la monarquía francesa, ni las Cortes de Cádiz, la de la Revolución de 1789. El carlismo a la derecha, y el federalismo a la izquierda atestiguan el fenómeno centrífugo en el siglo XIX. Pero hubo más: a finales de siglo, las regiones adquieren espíritu de grupo, al punto de afirmarse 'naciones'...". ¡Qué verdade é que, ás veces, a historia é unha simple mirada atrás..., para seguir tirando...! Certamente, interézanos todo isto porque queremos *coñecer* -como diría o propio Vilar- o que está a pasar e, sobre todo, porque deberíamos tratar de *anticiparnos* ó que podería ocorrer algún día...

Velaí boa parte da herencia económica, política e cultural que recolle España na segunda metade do século XIX e coa que se atopará o movemento renovador que se inicia cos prolegómenos da revolución de 1868 e que se estende e prolonga ó longo do primeiro tercio do século XX. Nesa segunda metade do XIX é cando ten lugar o primeiro gran desenvolvemento capitalista de España, sobre todo en Euskadi e Cataluña -tal e como sinalan Tuñón de Lara e Raymond Carr-. Foi a época da "sociedade opulenta", di Carr. Pero, ¿cáles eran as expectativas sociais? ¿Cómo afecta ó pobo aquela primeira consolidación capitalista? Eran poucos os núcleos industriais pero foi, en cambio, destacadísimo o papel xogado pola clase obreira.

Para Vilar, o proletariado español ten un papel -xa ata o momento mesmo da guerra civil de 1936-39- cualitativamente moi por encima do que cabería esperar del, si pensamos exclusivamente no seu número. Foi un caso coma o do proletariado ruso de San Petersburgo, nos primeiros anos do século XX, en vésperas da Revolución, ou coma o do proletariado chino de Shangai, despois da segunda guerra mundial. Este carácter de clase dirixente é o que vai situar ó proletariado español dos primeiros anos do noso século na vangarda dos movementos sociais europeos. E sinala Vilar: "El paralelo España-Rusia de 1917-1923 estuvo de moda en todos los campos, ya para anunciar, ya para denunciar la inminencia de una dislocación social".

Este fenómeno do vangardismo da clase obreira española de principios do XX será o que faga dicir a Luis Gómez Llorente, na súa *Aproximación a la historia del socialismo español*, que as consecuencias de determinados acontecementos históricos trascendentes -como por exemplo as folgas de 1917- só se poden calibrar con precisión cando callan posteriormente en grandes movementos sociais e populares -a eclosión republicana de 1931-.

Outro elemento importante daquel tempo, sinalado por Tuñón de Lara, será a aparición da prensa como elemento de presión nas relacións sociais. O que hoxe ven ser o "cuarto poder" ou "poder mediático" (reflexo do crecemento xigantesco dos medios de comunicación na *era da información*, como diría Manuel Castells) era xa, entrando na segunda metade do XIX, "arma política de primer orden", como di Tuñón en *La España del siglo XIX*.

Todo eso, dará lugar a cambios sorprendentes na evolución política do país. Síntomas de modernidade que terán o seu reflexo no mundo do pensamento e da cultura. Irán aparecendo así figuras das clases medias que lle dan un novo selo á vida intelectual española. Aparecen por primeira vez no noso panorama cultural contemporáneo, por un lado, un certo matiz humanista do saber, unha vaga inquedaanza intelectual, un cosmopolitismo notorio; e por outro, unha marcada oposición ó escurantismo dominante e mesmo unha certa simpatía cara todo o popular.

O principal impulsor de esta nova atmósfera cultural será Julián Sanz del Río, o pioneiro dos "reformadores da España contemporánea", como diría María Dolores Gómez Molleda. Sanz del Río estudiara en Alemaña a doutrina filosófica de Krause ("o ideal de humanidade para a vida"), que tan profusamente estudiaon Enrique Menéndez Ureña e, entre nós, Purificación Mayobre, aínda que, o pioneiro foi, como é sabido, López Morillas (*El krausismo. Perfil de una aventura intelectual*).

Esa atmósfera da que falabamos -incluso máis que o krausismo como sistema filosófico puro- será a primeira fonte de inspiración dos institucionistas. En realidade, o trasfondo da inspiración dos primeiros homes da *Institución* -os compañeiros de Giner- viña determinado por unha certa concepción do mundo neoilustrada, moi próxima á ideoloxía e a práctica política e profesional da masonería europea.

O principal acontecemento da época, en materia educativa, será a promulgación, en 1857, da chamada Ley Moyano, inspirada nos escritos de Antonio Gil y Zárate. Comprendía tódolos graos de ensinanza e acadou, en opinión de José Castillejo, a unificación do ensino público e, por tanto, a creación do "primeiro sistema de educación nacional", como sinala Luzuriaga. Pero debemos suliñar o carácter puramente administrativista desa "Ley", froito dun compromiso entre as tradicionais e influíntes forzas eclesiásticas e as novas necesidades técnicas e científicas do país.

Según Tuñón, a partir de 1886, dáse un forte rexurdimento das agrupacións republicanas e liberais, apoyados por certos sectores da burguesía industrial e que recollen tamén votos da clase obreira e dos labregos. Xustamente nese ano de 1886, Rafael María de Labra, recetor da ILE, forma parte dunha candidatura republicana ás eleccións. Intensifícase un certo rexurdimento intelectual. Hai tamén unha confluencia do "movemento obreiro" co "renace-

mento cultural". Trátase da primeira aproximación entre *socialismo* e *institucionismo*, dous focos capitais da renovación histórica española contemporánea.

A partir daquel instante, a alianza entre estas dúas forzas sociais será xa un obxectivo político permanente. Apagarase un pouco no 98 e voltará a prender con forza en 1914. Ou seña, a ruptura dun sistema económico, político e cultural arcaico e a súa completa renovación, será un obxectivo común de socialistas e institucionistas.

Antoni Jutglar, en *Ideoloxías y clases en la España contemporánea (1874-1931)*, sostén que a problemática obreira -nese primeiro desenvolvemento capitalista- agudizouse e complicouse, situando unha das bases determinantes da crise española de século XX. Nunha palabra, a sobreexplotación deu lugar ó radicalismo obreiro. De onde derivaría o arraigo do anarquismo en Cataluña e en Andalucía, por exemplo (son ben coñecidas as páxinas de Engels ó respecto; ou os estudos de Brenan ou Malefakis).

O caso é que as condicións de vida do proletariado español estaban moi lonxe das dos seus compañeiros de clase nos países capitalistas europeos. Proceden daí boa parte das convulsións sociais do século XX en España, así como esa especie de estado cuasi permanentemente próximo á rebelión...

Por outra banda, o socialismo do que nace o PSOE o 2 de maio de 1879 é un socialismo de inspiración marxista. Nada ten que ver xa co socialismo utópico nin tampouco cos movementos societarios que proliferaron ó longo do século XIX. É un socialismo entroncado na tradición do movemento obreiro europeo. Un socialismo forxado nas conexións de José Mesa con Guesde, con Lafargue, con Engels. Socialismo que nace baixo o carisma persoal de Pablo Iglesias. Iglesias e catro compañeiros redactan o programa fundacional. Dende os seus comezos, o PSOE pretende marcar claramente as distancias cos partidos burgueses e constitúese en partido de clase. Nese primeiro programa, aludíase xa a un *ensino gratuito e laico*... Todo un síntoma.

En 1888, nacerá en Barcelona a UGT, unha organización de masas ampla e flexible. Pouco despois, celebrarase tamén en Barcelona o Primeiro Congreso do PS, que consolida programática e organizativamente o partido. Durante estes anos serán moi estimables as aportacións teóricas e doctrinais de José Mesa (traductor do *Manifiesto Comunista* ó español) ou de Jaime Vera (*Informe escrito de la Agrupación socialista madrileña*).

En definitiva, a confluencia dos sectores obreiros e intelectuais no socialismo, fai pensar nunha permeabilidade de certas clases medias ás ideas obreiristas. Xa entrado o século XX, este fenómeno reflectírase por exemplo nunha institución tan peculiar como a *Escuela Nueva*, que dirixía Núñez de Arenas e á que tantas veces se ten referido, por exemplo, Tuñón

de Lara. A *Escuela Nueva* desenvolveu un importantísimo traballo social, tanto dende o punto de vista organizativo e de síntese das tarefas dos traballadores intelectuais e manuais, como dende o punto de vista da acción política máis comprometida.

O certo é que, por un lado, a *consolidación liberal* e por outro, o *constitucionalismo* cada vez máis arraigado, despertaban en amplos sectores da pequena burguesía urbana, non só expectativas dunha sociedade máis unificada, senón tamén desexos de atopar firmes apoios para a defensa das liberdades. Ou seña, maneiras de buscar vías para contribuir a unha constante e permanente renovación e modernización de España por parte dos seus sectores sociais máis avanzados.

Esta configuración socioeconómica e política ten o seu correspondente correlato histórico no que Pierre Vilar chama "a área de problemas espirituais". A loita plantéase xa dunha maneira aberta en termos de *tradicionalismo* ou *renovación*. E non é só un fenómeno de pura superestructura cultural, senón que ven dado por problemas de fondo. As forzas culturais tradicionais atópanse nos sectores burgueses e aristocráticos máis retrógrados e conservadores da sociedade. As forzas renovadoras están sempre cos sectores burgueses máis progresistas -que xa teñen esbozado o seu proxecto político-. Trátase da famosa "revolución pendiente"...

O krausismo -primeira pegada sería na ideoloxía dos institucionistas- foi o primeiro intento de crear en España unha intelectualidade laica. E ven ser nese caldo de cultivo onde se educou Giner e onde se educaron tamén os primeiros homes da *Institución*. O krausismo foi para eles un punto de partida importante, unha actitude diante da vida, máis que un programa de acción e pensamento. Mesmo ás veces, os homes da *Institución* queixáronse desta excesiva asimilación ó krausismo, que tentaba recortar o seu ámbito de actuación e que proviña, na súa opinión, de sectores reaccionarios da sociedade que trataban de acusalos de "estranxeirizantes". Así se expresan, polo menos, máis dunha vez, Cossío ou Castillejo.

A propósito desa expresión -"os homes da *Institución*"-, tantas veces empregada nos libros de historia, di Jimena Menéndez Pidal que nunca mellor dito o de "homes", porque "cuando una entraba allí, notaba en todo momento un penetrante olor a hombre"... A *Institución* era un mundo de homes para homes. As mulleres tiveron que ir "facendo sitio" pouco a pouco, amparándose nos movementos de emancipación paralelos e baseándose na propia ideoloxía de progreso que latexaba en moitas das tarefas institucionistas. Quizáis teñamos que buscar aí as razóns fundamentais dos desencontros entre Giner de los Ríos e Concepción Arenal, nos delicados momentos fundacionais da ILE.

Isto é, o goberno e a filosofía da *Insti* eran, en todo momento, cousa de homes. Pierre Vilar -a quen cita neste senso e con quen se identifica Carlos Lerena, en *Escuela, ideología*

y clases sociales en España- afirma que "sólo del krausismo puede proceder ese espiritua- lismo laico, la rigidez de principios y esa fe en la educación, que anima a los hombres de la Primera República"-e que Vilar fai extensivos ós homes da *Institución*-.

Nesta primeira fase de existencia da ILE (fase de krausismo aberto, como di Tuñón de Lara en *Medio siglo*...Ou como tamén analiza Francisco Laporta no conocido estudio intro- ductorio da *Antología pedagógica* de Giner de los Ríos), confluirán profesores e intelectuais de distinta procedencia ideolóxica -aínda que animados polos mesmos principios renovado- res- e de diversas escolas científicas e profesionais. Son os heredeiros daquela xeneración do 68 que o propio Luzuriaga califica de krausista e na que inclúe a persoalidades como Salmerón (nado en 1838), Giner de los Ríos (1839), Azcárate (1840), Labra (1840) ou Joaquín Costa (1844). Di textualmente Luzuriaga, na súa *Pedagogía social y política*: "A nuestro juicio es la generación de personalidades insignes con la que empieza la historia de la cultura moderna española".

Remata esta primeira fase da ILE en 1881 -na periodización establecida por Tuñón en *Medio siglo*...-. É o período breve [1876-1881] da súa orientación e consolidación. Como dicíamos antes, nace como alternativa a unha universidade esclerosada e represiva, aínda que, como apunta Jover Zamora -*La época de la Restauración: panorama político-social. 1875-1902*-, os institucionistas coidan que é posible levar a cabo ese labor dende dentro da universidade estatal. Así Giner atenderá nun primeiro momento á Institución e á Universidade, ao mesmo tempo.

De 1881 arrancaríase unha segunda fase da ILE, que concluiría en 1907, coa creación da "Junta de Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas", da que sería secretario e principal animador José Castillejo. Nesta segunda fase, o espírito de renovación pedagóxica e cultural vaise centrar nun maior esforzo reformista. A partir de 1907 ten lugar o desenvol- vemento da terceira e última fase -a máis fecunda, sen dúbida- da ILE. É o momento en que cumpre cabalmente o seu papel social e perfílase coas características educativas e culturais coñecidas, coas que pasou á historia da cultura española contemporánea.

Un goberno controlado polas clases dominantes tradicionais non podía ser o mellor aci- cate para un proceso de renovación que, ó empezar o século XX, parecía xa imparabile. Curadas, nun primeiro momento, as feridas do "desastre" do 98, a España daquel tempo andaba un pouco á busca de si mesma. Europa enteira tremía coa revolución de 1917 en Rusia e coas convulsións sociais que presaxiaban o socialismo. Como di o escritor republi- cano Max Aub -*Campo de sangre*, en *El laberinto mágico*-, cando o mundo xa se preocupa- ba por Marx, nós aínda andabamos a voltas con Voltaire... Eran os vellos problemas pen- dentes. Asístiase a creba lenta dun Estado decrepito.

A "cuestión pedagóxica" estaba, dende tempo atrás, no primeiro plano. E un Estado así non podía acometer a renovación que se necesitaba no ámbito educativo. Era preciso recurrir á iniciativa renovadora de carácter privado. Ese era o baleiro que pretendía encher a ILE. Naquel momento, a educación era xa parte inseparable do proxecto político, aínda que o "problema de España" non poidera reducirse a un "problema pedagóxico" -declaración programática de algúns homes da xeneración do 98-.

Ivonne Turin, en *La educación y la Escuela en España de 1874 a 1902*, unha obra que xa é clásica no repertorio das publicacións histórico-educativas sobre a España contemporánea, advirte das dúas tendencias que se reparten o sector privado: dunda banda, a que segue a corrente de 1868 -modernización- e, da outra, a que se inquieta polos progresos dese espírito alleo ó catolicismo e ó tradicionalismo españois-conservadurismo-.

Está claro que a primeira desas tendencias é a que encarna a ILE. E, a partir de 1907 -como dicíamos antes-, é cando chega ó cénit da súa produción, da súa implantación e do seu prestixio. A *Institución* non vai ficar reducida tan só a unha experiencia pedagóxica, senón que influirá poderosísimamente en certos sectores da cultura daquel tempo, xenerando unha atmosfera única e modelando un novo tipo de persoa. Esta obra chega, como é sabido, a varios puntos da xeografía española e deixa pegadas fondas no terreo da investigación científica, da cultura artística, do xornalismo pedagóxico ou da preparación para a política.

O programa da ILE abrangue amplos obxectivos humanistas. Para os institucionistas, "la educación general incluye la instrucción de todas las funciones y energías del cuerpo y el alma"... "La cultura intelectual debe tener una extensión universal y enciclopédica"... "La educación elemental y la secundaria no deben separarse"... "Las clases deben ser una conversación familiar e informal entre maestros y alumnos, llevados por un espíritu de descubrimiento; métodos intuitivos, realidades en vez de abstracciones, objetos en vez de palabras, diálogo socrático - que é *o método* por excelencia e non só "un método", como dicía Giner"... "El adiestramiento del carácter y la educación moral son tareas esenciales"... "La disciplina externa tiene que descartarse a favor de una obligación moral interna"... "La educación tiene que aspirar a una aristocracia de espíritu; pero la escuela tiene que abrir sus puertas a todos".

Velaí un pequeno escaparate de frases que definen ben a "filosofía educativa" institucionista. Son de José Castillejo e aparecen nas páxinas sintéticas, tensas e dramáticas - polo momento en que foron escritas- dun libro famoso: *Guerra de ideas en España*, publicado primeiro en inglés, en Londres, nos primeiros instantes do exilio e no medio do estrondo da IIª guerra mundial e, bastantes anos despois, pola editorial da "Revista de Occidente", na súa versión española, en Madrid. O título do libro é dabondo significativo: *guerra de ideas*... Pero,

a pesares dil, trátase dunha espléndida e apretada historia da educación española, modelo de tolerancia e de expresión pacifista.

A ILE recolle así o mellor da tradición do 68, as tendencias *rexeneracionistas* máis elaboradas, os intentos positivistas na metodoloxía da investigación científica, etc. E, con todo iso, pretende preparar os mellores cadros da sociedade española. A súa tarefa vaise centrar principalmente na formación de "élites dirixentes". E este elitismo, seguramente, non vai poder ser enmascarado por unha "educación popular" que, en todo caso, tiña un carácter meramente subsidiario (as campañas de "extensión universitaria", por exemplo). Pero os institucionistas eran conscientes do seu elitismo *par force*. En definitiva, as clases sociais "para as que traballaban" -dito así, brutalmente-, precisaban deses cadros dirixentes...

Según Lerena, a educación é, para Giner de los Ríos, "un trabajo especialmente delicado" mediante o que se trata de "inculcar un sistema de hábitos intelectuales y morales", unha "forma de ser", un "carácter". Por eso, o talante dese "home" así modelado non será nunca o "home universal" de Rousseau. Será, en todo caso, un "experto" -como di Lerena-. Experto e intelectual-tipo, podíamos engadir.

Nunha palabra -sigue Lerena- "un nuevo profeta del evangelio laico". Giner ven ser así "un prisionero de la reforma, atrapado entre el deseo y la realidad"... "Es el arquetipo de la *intelligentsia* pequeño-burguesa; escapa de las grandes masas y de los oligarcas; se preocupa por la proletarianización creciente de amplias capas de la pequeña burguesía"... Nunha palabra -conclúe Lerena-, "tiene el *ethos* clásico de la pequeña burguesía".

Parece evidente que esta caracterización de Lerena -que se inspira en parte nos xuízos críticos dun historiador como Pierre Vilar- resulta excesivamente abstracta, socioloxista e mesmo reduccionista. Porque non cabe ningunha dúbida de que Giner de los Ríos será o animador dunha obra que trascende -na medida en que pode facelo a educación- ás limitacións de clase. É un home que confía na educación como formidable instrumento político de reforma.

A personalidade de Francisco Giner de los Ríos foi tan forte e determinante que imprimiu as súas características persoais na propia obra social e educativa. Fixo escola, no sentido máis fondo da palabra. E ó seu carón, en primeiro lugar, Manuel Bartolomé Cossío, o indiscutible número dous da *Insti*, o continuador de Giner a partir de 1915, o prestixio pedagóxico personificado na época da IIª República... Pero tamén outros, mesmo máis vellos: Azcárate, Salmerón, Labra, Uña, Simarro, Costa...

Os homes e as fundacións: a "Junta de Ampliación de Estudios", a "Residencia de Estudiantes", o "Museo Pedagógico Nacional", o "Instituto-Escuela", Centros de investigación de distinta índole, Universidades populares... Institucións todas elas que marcaron unha

época e penetraron de irreversibilidade un proceso histórico de modernización que, a pesares do corte traumático da guerra civil e a victoria franquista, non para de recuperar pulo dende 1976, coincidindo xustamente co centenario da *Institución*.

En definitiva, unha lección histórica sobre cómo abordar dende a minoría as grandes tarefas dun país e dunha cultura e, ó mesmo tempo, un exemplo de interacción social de varias xeneracións: 1868, 1898, 1914, 1927, 1936, 1956...

A xeneración de 1868 -a xeneración de Giner e da primeira República-, a mítica do 98 - eminentemente literaria-, a do 14 -así bautizada por Lorenzo Luzuriaga, os "netos de Giner", os intelectuais intensamente politizados e dispostos a "facer precisión" (como quería Ortega) no ámbito da ciencia e da política (a xeneración da IIª República *par excellence*)-, a do 27 -os "residentes" e brillantísimos "productos" da calidade educativa institucionista-, a do 36 -do exilio exterior e interior- e a do 56 -da segunda xeneración do exilio exterior, do dooroso exilio interior e da primeira protesta antifascista en Madrid e Barcelona-

Xeneracións todas elas nas que existiu unha complicidade de acción de varias clases sociais próximas as capas medias e populares. Basta con recordar de novo a acción conxunta, en moitos casos e en distintos momentos, de republicanos e institucionistas ou de institucionistas e socialistas. Ou basta con recordar as loitas obreiras e antifascistas de febreiro do 36 en moitos lugares de España. Ou o que pasou no mesmo mes do 56 na Universidade de Madrid e, pouco despois, nas rúas e nas fábricas do cinturón industrial de Barcelona.

A ILE está, por tanto, presente con forza e viveza no proceso histórico que transcorre en España dende 1876 a 1936 e contribuirá, en boa medida, á recuperación do vello pulo progresista -afogado provisoriamente polo franquismo- a partir de 1976. A ILE, é certo, segue a ser unha lección de historia...

Compostela, Xuño, 2001